



**Acta númer. 17/2018.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 20 de novembro de 2018**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 20 de novembro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 30 de outubro de 2018.
- 2º.- Comunicacións previas (obras menores).
- 3º.- Licenzas de obra menor.
- 4º.- Licenzas de segregación.
- 5º.- Cambio de titularidade de actividade.
- 6º.- Rogos e preguntas

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2018.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 30 de outubro de 2018, acta númer. 16/2018.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNES PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DEL CARMEN VILANOVA VAZQUEZ, con domicilio en Avd. Santa Minia 58, Brión, na que comunica que vai colocar mallazo e formigón, nun noiro de terra existente, debido á diferenza de altura entre a parcela e o viario, sen modificar a pendente e a altura actual do terreo, para garantir as condicións de seguridade, na Avd. Santa Minia 56-58, Brión.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC1).



A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE FERREIRO VILLAR, con domicilio en Tembra 19, Boullón, na que comunica que vai construír un garaxe con bloques de formigón e cuberto con uralita e tella, de 48 m² de superficie e altura 3,50 m, en Sabaxáns, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que estea separado 7 m, do eixo do vial.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL FREIRE BASANTE, con domicilio en Vexo 1, Luaña, na que comunica que vai construír un peche de 10 metros de lonxitude aproximadamente, en contacto coa vía pública, con muro de formigón de 1,25 m, de alto, e colocación dun portalón de acceso de 3 metros de ancho, na paraxe denominada Porto do Souto, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretende executar as obras atópase dentro da delimitación do solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico, en aplicación do disposto na disposición transitoria primeira, número 2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Situarase a 5 m, do eixo do vial, segundo artigo 92.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e artigo 3.9.3 do PXOM.

.- O muro de formigón será convenientemente revestido e pintado, segundo artigo 3.9.3 do PXOM.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SORAYA ARUFE GOMEZ, con domicilio en Cabanas 6, Os Ánxeles, na que comunica que vai reparar parte dun muro de tres hiladas de bloques de formigón con fronte a vía pública en Cabanas 6, Os Ánxeles.

A parcela emprazase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.



e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por AMAURY QUINTERO CONSUEGRA, con domicilio en Chave de Ponte 14, Bastavales, na que comunica que vai colocar un portalón de entrada nun peche de parcela, a 4 metros do eixe do camiño ao que da fronte, en Chave de Ponte 14, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural en área consolidada pola edificación (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA CONCEPCION RODRIGUEZ GARCIA, con domicilio en Lamiño 26, Brión, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Avd. Santa Minia 38, Brión:

- Tapado de xuntas nas paredes interiores e exteriores.
- Rexuntado da pedra na fachada principal.
- Colocación de canos de aluminio.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano adscrito a viais principais (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALBERTO ALVAREZ ESCUDERO, con domicilio no Paseo de Pedrouzos 22, Brión, na que comunica que vai limpar, reparar e pintar as fachadas da vivenda sita no Paseo de Pedrouzos 22, Brión, en cor similar ao existente.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ORESTE GUALILLO, con domicilio no Paseo de Pedrouzos 24, Brión, na que comunica que vai limpar, reparar e pintar as fachadas da vivenda sita no Paseo de Pedrouzos 24, Brión, en cor similar ao existente.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.



i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN VILOUTA CASAL, con domicilio en Chave de Carballo 9, Bastavales, na que comunica que vai reparar a cuberta dun alpendre de 70 m², en Chave de Carballo 9, Bastavales, substituíndo o material de cubrición en mal estado e colocando uralita e tella, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma. A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Manuel Vázquez Caamaño, actuando en nome e representación de ALVARO SISO CALO, con domicilio en Mourentáns 28, Viceso, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Mourentáns 28, Viceso, substituíndo as tellas en mal estado por outras novas, sen incrementar o volume actual.

A edificación emprázase dentro do ámbito do solo de núcleo rural non consolidado (NRO-1) e atópase dentro da aldea de Mourentáns, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM: VE2, pero en base á Instrucción do 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, con domicilio en Avd. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión desde paso aéreo soterrado ata a ubicación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública, na Caxusa, Bastavales. Para a canalización do mencionado condutor realizaranse unha gabia cunha lonxitude total de 26 m, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado no Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, con data 18/10/2018, visado nº 3169/18-CO.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, impõense un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 297,86 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.



b) Deuse conta dunha instancia presentada por Iria Cao Rivas, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, con domicilio en Avd. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita modificación da licenza concedida na Xunta de Goberno Local do 06/06/2018, para realizar obras de subministro de enerxía eléctrica para unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Liñares, Brión, que consiste nun novo trazado, derivando o condutor XZ150 existente, mediante a realización dunha arqueta e unha gabia de 3 metros de lonxitude, ata o CPM do cliente, no límite da súa propiedade coa vía pública, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso con visado núm. 3087/18-CO, do 11.10.2018.

A parcela sitúase dentro do ámbito do solo clasificado como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- .- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- .- Como garantía, impõse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 104,66 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL SILVA PROUPIN, con domicilio en Forxán 3, Viceso, na que solicita licenza de obra para arranxar unha tubería de auga, que atravesa a estrada de Forxán.

A obra realizarase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación (NRO-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº9.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- .- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por RAMON IGLESIAS LEBORANS, con domicilio na Calle República Argentina 45, 3ºD, Ferrol, na que solicita licenza de segregación da parcela con referencia catastral 15013B50305970000MB, situada en Sabaxáns, Bastavales, segundo proxecto redactado polo arquitecto Luis Antonio Garea Rodríguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.07.2018 e o 07.08.2018.

Antecedentes:



Con data 21.02.2018 foi aprobado definitivamente polo Concello de Brión o Estudo de detalle para reaxuste de alíñacións, presentado por Ramón Iglesias Leboráns e redactado polo arquitecto Luis Antonio Garea Rodríguez, para o reaxuste das alíñacións das parcelas con referencias catastrais 15013B50300287, 15013B50300286 e 7920405NH2472S, que dan fronte á estrada AC-300, no lugar de Sabaxáns, Bastavales.

O Estudo de detalle foi inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia con data 11/05/2018 e publicado no BOP con data 21/05/2018.

Dito Estudo de detalle modifica a alineación actual marcada nos planos de ordenación do PXOM, ata conseguir un ancho de beirarrúa de 1,80 metros, pola maior cesión por parte da propiedade da superficie de terreo. A propiedade sufragará a execución de dita beirarrúa.

Descripción da parcela matriz:

Finca rexistrat: finca resultante da agrupación das fincas rexistras nº 9.037 e nº 9.035, cunha superficie total de 6.172,00m².

Referencia catastral: 15013B50305970000MB (agrupación das parcelas catastrais 15013B50300287, 15013B50300286 e 7920405NH2472S).

Clasificación urbanística: parte dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano (UC1): 4.388 m²; e parte dentro da delimitación do solo rústico apto para urbanizar (RAU), séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto pola disposición transitoria primeira letra 2.b): 1.784 m².

Lindes:

Norte: Manuel Núñez Vázquez (285).

Sur: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Leste: parcela (284) de Felipe López Cerqueiro.

Oeste: estrada Esclavitud - Os Ánxeles (AC-300).

Segregación pretendida:

Parcela: 1.URB:

Clasificación urbanística: solo urbano UC-1.

Superficie bruta: 675,00 m².

Superficie neta: 668,00 m².

Superficie de cesión a viais: 7 m² (segundo Estudo de detalle aprobado).

Lindes:

Norte: parcela con referencia catastral nº 15013B50300285

Sur: parcela 2.URB, procedente desta segregación.

Leste: parcela 9.RUST, procedente desta segregación.

Oeste: estrada Esclavitud - Os Ánxeles (AC-300).

Parcela: 2.URB:

Clasificación urbanística: solo urbano UC-1.

Superficie bruta: 678,00 m².



Superficie neta: 671,00 m².

Superficie de cesión a viais: 7 m² (segundo Estudo de detalle aprobado).

Lindes:

Norte: parcela 1.URB, procedente desta segregación.

Sur: parcela 3.URB e parcela 6.URB, procedentes desta segregación.

Leste: parcela 9.RUST, procedente desta segregación.

Oeste: estrada Esclavitud - Os Ánxeles (AC-300).

Parcela: 3.URB:

Clasificación urbanística: solo urbano UC-1.

Superficie bruta: 551,00 m².

Superficie neta: 544,00 m².

Superficie de cesión a viais: 7 m² (segundo Estudo de detalle aprobado).

Lindes:

Norte: parcela 2.URB, procedente desta segregación.

Sur: parcela 4.URB, procedente desta segregación.

Leste: parcela 6.URB, procedente desta segregación.

Oeste: estrada Esclavitud - Os Ánxeles (AC-300).

Parcela: 4.URB:

Clasificación urbanística: solo urbano UC-1.

Superficie bruta: 514,00 m².

Superficie neta: 507,00 m².

Superficie de cesión a viais: 7 m² (segundo Estudo de detalle aprobado).

Lindes:

Norte: parcela 3.URB, procedente desta segregación.

Sur: parcela 5.URB, procedente desta segregación.

Leste: parcela 6.URB, procedente desta segregación.

Oeste: estrada Esclavitud - Os Ánxeles (AC-300).

Parcela: 5.URB:

Clasificación urbanística: solo urbano UC-1.

Superficie bruta: 497,00 m².

Superficie neta: 461,00 m².

Superficie de cesión a viais: 36 m² (segundo Estudo de detalle aprobado).

Lindes:

Norte: parcela 4.URB, procedente desta segregación.

Sur: pista de concentración parcialaria.

Leste: parcela 6.URB, procedente desta segregación.

Oeste: estrada Esclavitud - Os Ánxeles (AC-300).

Parcela: 6.URB:

Clasificación urbanística: solo urbano UC-1.



Superficie bruta: 575,00 m².

Superficie neta: 560,00 m².

Superficie de cesión a viais: 15 m² (segundo Estudo de detalle aprobado).

Lindes:

Norte: parcela 2.URB e parcela 9.RUST, procedentes desta segregación.

Sur: pista de concentración parcelaria.

Leste: parcela 9.RUST e parcela 7.URB, procedentes desta segregación.

Oeste: parcela 3.URB, parcela 4.URB e parcela 5.URB, procedentes desta segregación.

Parcela: 7.URB:

Clasificación urbanística: solo urbano UC-1.

Superficie bruta: 431,00 m².

Superficie neta: 416,00 m².

Superficie de cesión a viais: 15 m² (segundo Estudo de detalle aprobado).

Lindes:

Norte: parcela 9. RUST, procedente desta segregación.

Sur: pista de concentración parcelaria

Leste: parcela 8.URB, procedente desta segregación.

Oeste: parcela 6.URB, procedente desta segregación.

Parcela: 8.URB:

Clasificación urbanística: solo urbano UC-1.

Superficie bruta: 467,00 m².

Superficie neta: 452,00 m².

Superficie de cesión a viais: 15 m² (segundo Estudo de detalle aprobado).

Lindes:

Norte: parcela 9.RUST, procedente desta segregación.

Sur: pista de concentración parcelaria.

Leste: parcela con referencia catastral nº 15013B50300284.

Oeste: parcela 7.URB, procedente desta segregación.

Parcela: 9.RUST:

Clasificación urbanística: solo rústico.

Superficie bruta: 1.784 m².

Lindes:

Norte: parcela con referencia catastral nº 15013B50300285

Sur: parcela 6.URB, parcela 7.URB e parcela 8.URB, procedentes desta segregación.

Leste: parcela con referencia catastral nº 15013B50300284.

Oeste: parcela 1.URB, parcela 2.URB e parcela 6.URB, procedentes desta segregación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar as



cesións dos terreos das seguintes superficies: 7 m², 7m², 7m², 7m², 36m², 15m², 15m² e 15m², segundo Estudo de Detalle aprobado, ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por ESTHER BUSTELO ARUFE, con domicilio no lugar de Rocha 4, parroquia de Herbón, Padrón, na que solicita licenza de segregación e agregación das parcelas 760-1 e 760-2 de concentración parcelaria de Bastavales, situadas no lugar de Bemil, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Javier López López, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 17/07/2018 e documentación complementaria presentada o 11/09/2018 (r.e.3422), o 26/09/2018 (r.e.3663) e o 19.10.2018 (r.e.4017 e visado do 16.10.2018).

Descripción das parcelas matriz:

Parcela 760-1:

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do concello (NRL-2),

Superficie 2.272 m²

Lindes:

Norte: Palmira Caamaño Fieiro (parcela 757 de concentración, na actualidade ten a referencia catastral 7412604NH2471S0001RB).

Sur: parcela 760-2.

Leste: camiño.

Oeste: Concepción Bustelo Tobío (parcela 759 de concentración, na actualidade ten a referencia catastral 7412606NH2471S0001XB).

Parcela 760-2:

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do concello (NRL-2).

Superficie 1.068m²

Lindes:

Norte: Parcela 760-1.

Sur: camiño.

Leste: camiño.

Oeste: Concepción Bustelo Tobío (parcela 759 de concentración, na actualidade ten a referencia catastral 7412606NH2471S0001XB).

Segregación pretendida:

Preténdese a segregación da parcela rexistral nº 9.495, denominada 760-1, de 2.272 m², en tres fincas; de forma que unha das parcelas resultante, a 760-1c, non alcanza a dimensión mínima determinada polo planeamento e ten que agruparse á parcela rexistral nº 9.497, denominada parcela 760-2.



Segregación da parcela 760-1:

Parcela nº 760-1 a:

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

Superficie bruta: 1.007 m².

Superficie de cesión: 32m².

Superficie neta: 975 m².

Lindes:

Norte: Palmira Caamaño Fieiro (parcela 757 de concentración, na actualidade ten a referencia catastral 7412604NH2471S0001RB).

Sur: parcela 760-1 b, procedente desta segregación.

Leste: camiño.

Oeste: Concepción Bustelo Tobío (parcela 759 de concentración, na actualidade ten a referencia catastral 7412606NH2471S0001XB).

Parcela nº 760-1 b:

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

Superficie bruta: 1.007 m².

Superficie de cesión: 26m².

Lindes:

Norte: parcela 760-1 a, procedente desta segregación.

Sur: parcela 760-1 c, procedente desta segregación.

Leste: camiño.

Oeste: Concepción Bustelo Tobío (parcela 759 de concentración, na actualidade ten a referencia catastral 7412606NH2471S0001XB).

Parcela nº 760-1 c:

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

Superficie bruta: 258 m².

Lindes:

Norte: parcela 760-1 b, procedente desta segregación.

Sur: parcela 760-2.

Leste: camiño.

Oeste: Concepción Bustelo Tobío (parcela 759 de concentración, na actualidade ten a referencia catastral 7412606NH2471S0001XB).

Agrupación da parcela 760-1c + parcela 760-2:

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

Superficie bruta: 1.326 m² (258m² do resto da parcela 760-1, denominada 760-1c, más 1.068 m² da parcela 760-2).

Superficie de cesión: 34m².

Lindes:



Norte: parcela 760-1 b, procedente desta segregación

Sur: camiño.

Leste: camiño.

Oeste: Concepción Bustelo Tobío (parcela 759 de concentración, na actualidade ten a referencia catastral 7412606NH2471S0001XB).

Parcelas resultantes:

Parcela nº 760-1 a:

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

Superficie bruta: 1.007 m².

Superficie de cesión: 32m².

Superficie neta: 975 m².

Lindes:

Norte: Palmira Caamaño Fieiro (parcela 757 de concentración, na actualidade ten a referencia catastral 7412604NH2471S0001RB).

Sur: parcela 760-1 b, procedente desta segregación.

Leste: camiño.

Oeste: Concepción Bustelo Tobío (parcela 759 de concentración, na actualidade ten a referencia catastral 7412606NH2471S0001XB).

Parcela nº 760-1 b:

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

Superficie bruta: 1.007 m².

Superficie de cesión: 26 m².

Lindes:

Norte: parcela 760-1 a, procedente desta segregación.

Sur: parcela 760-1 c, procedente desta segregación.

Leste: camiño.

Oeste: Concepción Bustelo Tobío (parcela 759 de concentración, na actualidade ten a referencia catastral 7412606NH2471S0001XB).

Agrupación da parcela 760-1c + parcela 760-2:

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

Superficie bruta: 1.326 m² (258m² do resto da parcela 760-1, denominada 760-1c, mais 1.068 m² da parcela 760-2).

Superficie de cesión: 34 m².

Lindes:

Norte: parcela 760-1 b, procedente desta segregación

Sur: camiño.

Leste: camiño.

Oeste: Concepción Bustelo Tobío (parcela 759 de concentración, na actualidade ten a referencia catastral 7412606NH2471S0001XB).



A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar as cesións dos terreos das seguintes superficies: 32 m², 26 m² e 34 m², destinados a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Natalia Lorenzo Mena, que di actuar en representación de CRISTINA RECHEA ALBEROLA, con domicilio no lugar de Liñares 28, Brión, na que solicita licenza de segregación da parcela rexistrual nº 10.689, con referencia catastral 5852804NH2455S0001WA, situada no lugar de Liñares, parroquia de Brión, segundo proxecto redactado pola arquitecta Natalia Lorenzo Mena, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10/07/2018 e modificado na data 18.10.2018.

Descripción da parcela matriz:

Finca rexistrual: 10.689.

Finca 494 do plano de concentración parcelaria da zona de San Félix de Brión.

Superficie: 4.159,00m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: vía pública por onde ten a entrada principal e fincas de Daniel Ribera Rodríguez e Cristina Rechea Alberola, con referencias catastrais 5852803NH2455S0001HA e 5852805NH2455S0001AA, respectivamente.

Sur: vía pública principal, entrada secundaria.

Leste: parcelas privadas de Daniel Ribera Rodriguez e Joaquín Pedrosa Nogueira con referencias catastrais 5852803NH2455S0001HA e 002104600NH24F0001FJ, respectivamente.

Oeste: parcelas privadas de Cristina Rechea Alberola e Ismael Serramito Veiga, con referencias 5852805NH2455S0001AA e 5852813NH2455S0001PA, respectivamente.

Segregación pretendida:

Parcela final 1:

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

Superficie neta: 1.100 m².

Lindes:

Norte: en liña de 22,30 m. con vía pública (pista asfaltada).

Sur: en liña de 18,30 m. con parcela final 4, procedente desta segregación.

Leste: en liña de 55,83 m. con parcela final 2 e parcela 3, procedentes desta segregación.

Oeste: en liña de 56,33 m. con parcela privada con referencia catastral 5852805NH2455S0001AA, propiedade de Cristina Rechea Alberola.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.



Parcela final 2:

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

Superficie neta: 940 m².

Lindes:

Norte: en liña de 23,44 m. con vía pública (pista asfaltada).

Sur: en liña de 20,29 m. con parcela final 3 procedente desta segregación.

Leste: en liña de 45,31 m. parcelas privadas con referencias catastrais 5852803NH2455S0001HA e 002104600NH24F0001FJ.

Oeste: en liña de 41,95 m. con parcela final 1, procedente desta segregación.

Parcela final 3:

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

Superficie neta: 940 m².

Lindes:

Norte: en liña de 20,29 m. con parcela final 2, procedente desta segregación.

Sur: en liña de 17,31 m. con vía pública (vía pública principal).

Leste: en liña de 50,45 m. parcela privada con referencia catastral 002104600NH24F0001FJ.

Oeste: en liña de 49,72 m. con parcela final 4, procedente desta segregación.

Parcela final 4:

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

Superficie neta: 1.084 m².

Lindes:

Norte: en liña de 18,34 m. con parcela final 1 procedente desta segregación e en liña de 32,24 m, con parcela privada con referencia catastral 5852805NH2455S0001AA, propiedade de Cristina Rechea Alberola.

Sur: en liña de 48,41m. con vía pública (vía pública principal).

Leste: en liña de 35,99 m. con parcela final 3, procedente desta segregación.

Oeste: en liña de 12,12 m. con parcela privada con referencia catastral 5852805NH2455S0001AA, propiedade de Cristina Rechea Alberola e, en liña de 11,87 m parcela privada con referencia catastral 5852813NH2455S0001PA.

Parcela de cesión a viais:

Superficie neta: 95 m² (a 5,5 m. do eixo do camiño no linde sur).

Lindes:

Norte: en liña de 65,71 m. con parcela matriz.

Sur: en liña de 65,54 m. con vía pública (vía pública principal).

Leste: liña de 1,57 m. parcela privada con referencia catastral 002104600NH24F0001FJ.

Oeste: en liña de 1,31 m. con vía pública (vía pública principal).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a licenza



solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar as cesións dos terreos da seguinte superficie: 95m², destinados a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Juan C. Garrido González, que di actuar no nome de GESTCALOR, S.L. con domicilio en Foxacos, 2 bis, Arcos da Condesa, Caldas de Reis, Pontevedra, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de galpón para gardar madeira en San Salvador.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Industrias Casal S.L. e preténdese poñer a nome de Gestcalor S.L.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de galpón para gardar madeira situada en San Salvador, a nome de Gestcalor, S.L., con CIF: B-94038106.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González